

CORRECCIÓN DE ERRO: Calendario para tramitar novas propostas e modificacións substanciais de titulacións de grao e mestrado oficiais (implantación no curso 2027/28)

Advertido un erro no Anexo I. Calendario para tramitar novas propostas e modificacións substanciais dos títulos de grao e mestrado (implantación no curso 2027/28), na páxina 2, en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, compre facer a seguinte modificación:

Onde di:

Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
15 de outubro de 2025	Xunta de centro (XC)	Aprobar a declaración de interese de presentación do grao/mestrado, coa composición da comisión redactora da memoria. Remitirlle á vicerreitoría con competencias en materia de títulos a memoria e difundila entre a comunidade universitaria.	Á declaración de interese anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.

Debe dicir:

Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
17 de outubro de 2025	Xunta de centro (XC)	Aprobar a declaración de interese de presentación do grao/mestrado, coa composición da comisión redactora da memoria. Remitirlle á vicerreitoría con competencias en materia de títulos a memoria e difundila entre a comunidade universitaria.	Á declaración de interese anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López